

ASTEROID CITY

Wes Anderson, 2023

1123

ESTREA EN NUMAX: 16.06.2023 | V.O.S.E. | +7 | 104 min

En 1955, colexiais e pais de todo o país reúnen-se para un concurso escolar dedicado á observación de fenómenos astronómicos (Junior Stargazer Convention) que leva a cabo nunha cidade ficticia do deserto estadounidense chamada Asteroid City. A convención verase espectacularmente interrompida por eventos que cambian o mundo.

«Un filme deslumbrante sobre todo na súa creatividade e dimensións estéticas»

Diego Batlle, OTROS CINES



Cinema desde os límites da realidade

Por Manu Yáñez

Wes Anderson só sabe filmar cartas de amor. O seu primeiro filme, *Bottle Rocket* (1996), ilustraba os entrañables soños criminais duns mozos sen futuro na América profunda, e a última ata agora, *A crónica francesa* (2021), trasladábase a Francia para homenaxear a labor dos xornalistas de rúa. *Asteroid City*, a súa nova obra de ourivería fílmica, afíncase nos límites da realidade para mirar de fronte a propia creación artística.

O filme, un dos máis belos e seguramente o máis absurdo da carreira de Anderson, transcorre entre dous territorios recoñecibles e á vez estrañísimos. O primeiro é o mundo do teatro, aínda que filtrado polo catódico, en canto que son unhas cámaras de televisión as que nos amosan as reviravoltas dunha delirante produción teatral. Filmada en branco e negro, esta metade do filme ten o seu propio narrador, un Bryan Cranston que, desde un escenario convertido en bambolinas, vai presentando as diferentes partes do proceso de creación dunha obra escrita polo dramaturgo ao que dá vida Edward Norton. Nesta metade do filme, ademais de facer espazo para para o *queer*, Anderson volve facer gala da súa mestría á hora de extraer zume humorístico do contraste entre o ridículo das situacións e a absoluta rectitude dos seus personaxes, criaturas imperturbables, melancólicas e xeniais ás que o seu creador ama con loucura.

E logo temos o colorista deserto americano, onde se supón que se está poñendo en escena a obra escrita por Norton, que consiste nunha ensalada de situacións extravagantes, non necesariamente narrativa, na que conflúen unha *troupe* de rapaces prodixio, unha familia que acaba de perder a súa matriarca, o estamento militar, e unha actriz apesurada (Scarlett Johansson, convertida nunha esfinxe de beizos de carmín). Todos estes personaxes son vítimas dunha corentena provocada pola aparición dunha hilarante criatura extraterrestre á que dá vida, desde dentro dun traxe de plástico, Jeff Goldblum. Esta metade regálanos un retrato optimista da xuventude, unha parodia da América dos anos 50 (reconstruída en Chinchón) e o ingreso de Tom Hanks na familia de Anderson. E cabe dicir que Hanks cumpre co que máis parece importarlle ao director de *Academia Rushmore* (1998): a obriga de que os seus actores e actrices reciten as súas liñas a cen, sublimando a velocidade das comedias de Howard Hawks, Preston Sturges ou Billy Wilder.

Publicado en fotogramas.es
Tradución do español.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Academia Rushmore,
Wes Anderson.
Divisa [DVD]

Wes Anderson,
Ian Nathan.
Timun Mas, 2021

*El Gran Hotel Wes
Anderson*,
Nuria Díaz.
Lunweg, 2018